

ABRIL MES DO LIBRO 2012

Conta que che conto:

No cole de Quintela seguimos contando contos:

6º de Infantil contarán o seu conto “Nugrecia”

1º de Primaria vai contar colectivamente o conto “Que che gustaría ser?”

4º de Primaria teñen preparado para o kamishibai “O coelliño branco”

5º de Primaria van contar “Elmer” co kamishibai.

6º de Primaria teñen “A ratiña presumida”

Exposicións:

Exposición na biblioteca escolar de novidades editoriais, en colaboración coas librerías de Moaña durante a semana do 16 ao 20 de abril.

Exposición nos corredores do colexio, durante todo o mes de abril, dos libros e contos que fixemos no cole nos últimos cursos, elaborados polos nenos.

Club de lectura:

Na semana do 16 ao 20 de Abril haberá xuntanzas dos clubs de lectura do colexio: O de nais, e os de 5º e 6º de Primaria.

Nos clubs de alumnos/as cada membro do club levará o seu libro favorito, para compartir cos demais algúns pasaxes dos mesmos.

Obradoiros:

Traballos plásticos nas aulas relacionados co mundo do libro e a lectura.

Presentación e obradoiro de poesía para 1º e 2º ciclo do libro de poemas para nenos e nenas do poeta local Miguel Angel Alonso.

Colaboración das familias:

Ao longo do mes, haberá nais e irmás maiores que contarán contos nas aulas de Infantil e 1º ciclo.

Na primeira semana de abril farase un obradoiro de manualidades na biblioteca, para confeccionar os agasallos para todo o alumnado no día do libro.

Imos pedirlle ás familias que **fotografíen a lectura**. Trátase de que fotografen lendo aos membros da familia, na casa, no xardín, no parque,...etc As fotografías expóranse por todo o colexio.

Día do libro (23 de Abril)

Profesorado e alumnado traerá da súa casa o libro que mais lles guste, e quedará no colexio ata rematar o mes, para poder compartilo cos compañeiros/as.

Entregarase un diploma aos nenos e nenas máis lectores de cada nivel.

